

ACTA NÚM. 17 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2019.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:00 horas** do día **26 de setembro de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente.

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres (toma posesión no punto núm.2)

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez
Dona Branca Petra Novo Rey
Don Rafael Peña Vidal
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

Don Juan Ramón González Carnero, **Interventor do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **Secretario do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 29 de xullo, extraordinaria do 9 de agosto e extraordinaria e urxente do 5 de setembro, todas deste ano 2019.**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleira.**
- 3. Proposta da alcaldía de determinación de festivos locais para o ano 2020.**
- 4. Aprobación provisional da modificación puntual do PXOM nas disposicións transitorias 2ª e 12ª. Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Vieiro e Outeiro.**
- 5. Aprobación definitiva da modificación puntual do plan especial para o desenvolvemento do sistema xeral de equipamento deportivo ZD-2. Área deportiva de San Lázaro.**
- 6. Ampliación de usos permitidos na reserva de equipamento EU-9. Rúa de Casas Reais, 8 (antigo Banco Simeón).**
- 7. Proposta de nomeamento de vogais da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.**
- 8. Proposición do grupo municipal de Compostela Aberta, sobre a aprobación dun pacto polo rural para garantir o investimento nas parroquias de Santiago.**
- 9. Proposición do grupo municipal de Compostela Aberta, para desenvolver unha planificación das residencias escénicas na Sala Agustín Magán.**
- 10. Proposición do grupo municipal do BNG, para a creación da comisión especial da memoria histórica.**
- 11. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para a modificación das normas que regulan as actividades artísticas e artesanais na vía pública e o control da súa aplicación.**

12. Dar conta da execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre do ano 2019.

13. Dar conta de escrito do grupo municipal do Partido Popular designando portavoz.

14. Dar conta de resolución da alcaldía.

15. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

16. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do BNG de data 17 de setembro de 2019, núm. 135.

Do grupo municipal do BNG de data 18 de setembro de 2019, núm. 141.

Do grupo municipal do PP de data 18 de setembro de 2019, núm. 144.

Do grupo municipal do PP de data 18 de setembro de 2019, núm. 145.

Do grupo municipal do PP de data 18 de setembro de 2019, núm. 146.

Do grupo municipal de CA de data 18 de setembro de 2019, núm. 151.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG de data 17 setembro de 2019, núm. 138.

Do grupo municipal do PP de data 18 de setembro de 2019, núm. 147.

Do grupo municipal do PP de data 18 de setembro de 2019, núm. 148.

Do grupo municipal do PP de data 18 de setembro de 2019, núm. 149.

Do grupo municipal de CA de data 18 de setembro de 2019, núm. 150.

Do grupo municipal de CA de data 18 de setembro de 2019, núm. 152.

Do grupo municipal de CA de data 18 de setembro de 2019, núm. 153.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA de data 19 de agosto de 2019, núm. 36289.

Do grupo municipal de CA de data 11 de setembro de 2019, núm. 128.

Do grupo municipal de CA de data 13 de setembro de 2019, núm. 130.

Interpelación:

Do grupo municipal de CA de data 18 de setembro de 2019, núm. 154.

17. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 10 de setembro de 2019, núm. 127 presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre o ano Carvalho Calero 2020.

Rexistro de entrada do día 12 de setembro de 2019, núm. 129, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre a instalación dun centro asesor e dinamizador da sustentabilidade no Palacete da Finca do Espiño.

Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2019, núm. 132, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre a gobernanza do turismo e a implantación da taxa turística en Santiago.

Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2019, núm. 133, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, contra as violencias machistas e a necesidade de aumentar os recursos para políticas de igualdade.

Rexistro de entrada do día 17 de setembro de 2019, núm. 136, presentada polo grupo municipal do BNG, en relación coa emerxencia climática e a mobilización do 27 de setembro polo clima.

Rexistro de entrada do día 17 de setembro de 2019, núm. 137, presentada polo grupo municipal do BNG, para reclamarlle á Xunta a construción da escola oficial de idiomas.

Rexistro de entrada do día 18 de setembro de 2019, núm. 140, presentada polo grupo municipal do BNG, para implantar o ciclo de grao medio e superior de orfebrería e pratería e o curso de especialización en Santiago de Compostela.

Rexistro de entrada do día 18 de setembro de 2019, núm. 142, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a posta en marcha da retransmisión en directo dos plenos e as comparecencias informativas das xuntas de goberno.

Rexistro de entrada do día 18 de setembro de 2019, núm. 143, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a posta en marcha do centro de referencia estatal (CREGA), destinado á atención residencial de persoas con discapacidade e a implantación da delegación do centro estatal de autonomía persoal e axudas técnicas (CEAPAT) no centro galego de desenvolvemento integral (CEGADI) localizado en Salgueiriños.

Antes de proceder ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

Sr. Deive, en relación á proposición do grupo municipal de CA que figura no punto núm. 9 da orde do día da presente sesión.

Sra. Guntín, en relación á mesma proposición do grupo municipal de CA.

Sr. de Prado, en relación á moción do BNG, para solucionar as demandas do persoal do aeroporto.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIA DO 29 DE XULLO, EXTRAORDINARIA DO 9 DE AGOSTO E EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 5 DE SETEMBRO, TODAS DESTE ANO 2019.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras aproba as actas correspondentes ás sesións ordinaria do día 29 de xullo, extraordinaria do 9 de agosto e extraordinaria e urxente do 5 de setembro, deste ano 2019.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRA.

Preséntase no salón de sesións Dona María Castelao Torres, e acreditada a recepción da credencial de concelleira expedida pola Xunta Electoral Central, así como a declaración cumprimentada do rexistro de intereses e as causas de posíbel incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos do Concello de Santiago de Compostela, procede a xurar cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, tomando posesión do cargo de concelleira.

Auséntase a concelleira dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

Vótase a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG con data 23 de setembro pasado e núm. 155, en relación ao persoal de Lavacolla, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras declara a urxencia da mesma, e será tratada no punto respectivo de mocións.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2020.

Á vista da proposta da alcaldía, e máis do ditame favorable da comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas correspondente á sesión do día 19 de setembro pasado, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, declara como festivos locais para o ano 2020, os días 25 de febreiro (martes de entroido), e o día 21 de maio (Ascensión).

4. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NAS DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS 2ª E 12ª. PLAN PARCIAL DE FONTIÑAS E PERIS DE CONCHEIROS, VIEIRO E OUTEIRO.

O informe en relación ao presente asunto, emitido pola xefa da sección de xestión urbanística o día 13 de setembro do corrente ano, e ao que da a súa conformidade a concelleira delegada da área de urbanismo, ten o seguinte contido:

“A modificación fórmase de oficio a través dos Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión Urbanística co obxecto de reformar a redacción das disposicións transitorias

segunda (Plan parcial de Fontiñas) e duodécima (Plans especiais de reforma interior) da normativa do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

1. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN

A Modificación pretende solventar as discrepancias que se puxeron de manifesto polos técnicos do Servizo Municipal de Licenzas en canto á aplicación práctica de aspectos puntuais da normativa do planeamento incorporado na zona de Fontiñas (Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Outeiro e Vieiro).

- Na DT-2ª (Plan parcial de Fontiñas) engádese o seguinte parágrafo:

No que atinxe á utilización dos espazos baixo estarase ao disposto con carácter xeral na normativa do Plan xeral (artigo 125.6, segundo parágrafo).

- Na DT-12ª engádese o seguinte apartado:

Superficie edificable permitida e utilización dos espazos baixo cuberta no ámbito dos PERIs de Concheiros-Cotaredo-San Lázaro, Outeiro e Vieiro

1. Nos terreos que teñan a condición de solo urbano consolidado, autorizarase o volume edificable definido polo respectivo planeamento incorporado, segundo as condicións de edificación (altura, fondo, ocupación, ...) que nel se establezan.

2. Nos polígonos de solo urbano non consolidado, autorizarase tamén o volume edificable definido polo respectivo plan, previa xustificación de que non excede o límite de intensidade establecido pola lei nesta categoría de solo.

3. A utilización dos espazos baixo cuberta rexerase polo disposto con carácter xeral na normativa do plan xeral (artigo 125.6, segundo parágrafo).

A conveniencia da Modificación proposta xustifícase na necesidade de harmonizar a normativa dos citados instrumentos de planeamento coa regulación xeral da utilización dos espazos baixo cuberta que se contén no PXOM (artigo 125.6), así como adaptar a determinación da superficie edificable en solo urbano consolidado aos parámetros definidos pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia.

2. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, mediante resolución do 8 de febreiro de 2017 -publicada no Diario Oficial de Galicia número 51 do 14 de marzo de 2017- formulou o Informe ambiental estratéxico (expediente 2016AAE1984, código

web 1883/2016), e resolveu non someter a Modificación ao procedemento de avaliación estratéxica ordinaria.

3. RESULTADO DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal a medio de acordo adoptado o 27 de abril de 2017 e someteuse a información pública, durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal *El Correo Gallego* do día 21 de xullo e no Diario Oficial de Galicia de data 28 de xullo de 2017.

Durante o trámite de participación pública non consta a formulación de alegacións.

Remitido o expediente á Consellería segundo esixe o artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, con data 26 de xaneiro de 2018 recibíuse o **informe da Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, asinado o 15 de xaneiro de 2018, no que se da conta do resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes, así como dos informes sectoriais autonómicos solicitados e recibidos.

Polo que atinxe ao trámite de **audiencia aos concellos limítrofes**, consta informe favorable do Concello de Boqueixón. Segundo indica o informe autonómico, “*os restantes concellos contaban cun prazo para responder que finalizaba o día 2/01/2018 nos casos de a Ames, Oroso, Teo, Trazo, Val do Dubra e Vedra e 3/01/2018 para O Pino e Touro. Rematado os ditos prazos non foron recibidas nestas dependencias as respostas deses concellos, polo que pode continuarse o procedemento de aprobación da modificación (segundo parágrafo do artigo 60.7 da lei 2/2016, do solo de Galicia).*”

4. INFORMES SECTORIAIS

No informe emitido pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo faise constar a emisión dos seguintes informes sectoriais autonómicos:

- Informe da subdirector xeral de Planificación e Protección Civil de data 2/10/2017, favorable á Modificación.
- Informe da Dirección xeral do Patrimonio Cultural, de data 14/12/2017, tamén favorable.
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio, de data 12/12/2017, relativo á protección da paisaxe, así mesmo favorable.

Non consta a emisión do informe solicitado á Dirección de Augas de Galicia, tendo xa rematado, con data 29/12/2017 o prazo legalmente establecido para a súa emisión, polo que o informe se presume favorable de acordo co disposto na Lei 9/2010 de Augas de Galicia (artigo 39).

Con data 26/02/2018 tivo entrada o informe emitido pola Dirección Xeral de Telecomunicacións.

Con data 5/06/2018 recibíuse o informe da Dirección Xeral de Aviación Civil.

5. APROBACIÓN PROVISIONAL E CUMPRIMENTACIÓN DO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

A Modificación, aprobada provisionalmente polo Pleno Municipal o día 19.04.2018, obtivo o informe desfavorable da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, recibido no Concello o 14 de agosto de 2018, que considera necesario efectuar unha análise pormenorizada do incremento da superficie edificable residencial computable e da súa incidencia nos sistemas xerais, límites de intensidade e sistemas locais.

Remitido a dita análise á Consellería, esta, con data 11.07.2019, requiriu que se completase a documentación achegada e se remitise o correspondente proxecto reformado e aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal.

A fin de dar cumprimento ao requirido, procedeuse a incorporar ao proxecto de Modificación o resultado da análise realizada, coas seguintes conclusións:

- A Modificación proposta supón un incremento máximo do 10,63% sobre a superficie edificable permitida polo planeamento vixente.
- De acordo co previsto polo artigo 17.b) apartado 3, da Lei 2/2016 do solo de Galicia, ao ser o incremento inferior ao 30%, non resulta esixible incrementar as dotacións públicas.
- Ao ter os terreos afectados a condición de solo urbano consolidado, non operan os límites de edificabilidade fixados na lei.
- No cadro 7 actualizado -que substitúe ao cadro 7 do PXOM vixente- cuantifícase a nova capacidade residencial que resulta da Modificación proposta e doutras aprobadas con anterioridade (9.345.576 m²c), resultando que se segue a cumprir sobradamente o estándar de sistemas xerais esixido pola vixente LSG.

En consecuencia, e en aplicación do procedemento regulado polos artigos 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 144.13 do seu Regulamento, **proponse ao Pleno Municipal**, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar provisionalmente a *Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) nas disposicións transitorias 2ª e 12ª (Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Vieiro e Outeiro)*, segundo o documento reformado elaborado polos servizos municipais en setembro de 2019.
- Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para os efectos de que emita o informe preceptivo e vinculante previo ao acordo de aprobación definitiva que haberá de adoptar o Pleno Municipal.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora de bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2, da mesma lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Xa que logo á vista do informe transcrito, máis do ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión ordinaria do día 19 de setembro pasado, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros Corporación, acorda:

- a) Aprobar provisionalmente a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) nas disposicións transitorias 2ª e 12ª (Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Vieiro e Outeiro), segundo o documento reformado elaborado polos servizos municipais en setembro de 2019.
- b) Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para os efectos de que emita o informe preceptivo e vinculante previo ao acordo de aprobación definitiva que haberá de adoptar o Pleno Municipal.

5. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO ZD-2. ÁREA DEPORTIVA DE SAN LÁZARO.

Auséntanse do salón de plenos os concelleiros Don Javier Fernández Martínez e Don Rafael Peña Vidal.

O informe emitido pola xefa de sección de xestión urbanística con data 13 de setembro do corrente ano, e que trae o conforme da concelleira delegada de urbanismo, ten o seguinte contido:

“A Modificación formúlase de oficio polo Concello de Santiago coa finalidade de permitir a construción dun equipamento dedicado á práctica dos deportes de tenis de mesa, bádminton e squash (Cidade da Raqueta) no ámbito do sistema xeral de equipamento deportivo ZD-2 (San Lázaro).

1. Planeamento vixente

O Plan xeral de ordenación municipal, a través da súa disposición transitoria décima, remite a ordenación detallada do sistema xeral ZD-2 ao Plan especial que fora aprobado definitivamente polo Pleno Municipal o día 25 de abril de 1991, coas modificacións que expresamente se describen na citada disposición.

2. Alcance da Modificación proposta

A través da Modificación defínense as condicións de emprazamento e implantación do novo equipamento, que se propón emprazar no espazo situado entre o edificio do actual Estadio Multiusos e a vía de circunvalación SC-20 (avenida de Gonzalo Torrente Ballester).

No epígrafe 2.2 do documento descríbense os obxectivos da Modificación, como de seguido se transcribe:

- a) Recoller as determinacións introducidas no ámbito do Plan especial do sistema xeral ZD-2 polo PXOM vixente, trasladando as ditas determinacións a unha base cartográfica actualizada e común, co obxectivo de obter un documento refundindo de planeamento.
- b) Efectuar, de ser o caso, os axustes na delimitación do ámbito que resulten necesarios, xustificados nunha mellor adaptación ás bases cartográfica e catastral actualizadas, de acordo co previsto no artigo 157 do Regulamento da lei do solo de Galicia.
- c) Introducir os axustes que resulten necesarios na delimitación dos ámbitos das ordenanzas particulares que resulten necesarios para implantar o novo equipamento e para adaptar as zonas de ordenanza á realidade executada, tal e como se recolle na cartografía base actualizada.
- d) Ordenar pormenorizadamente o ámbito da “cidade da raqueta”, a partir do Anteproxecto do Centro Deportivo xa elaborado, definindo os volumes e regulando as condicións da súa implantación
- e) Modificar a redacción das ordenanzas particulares nos aspectos requiridos para garantir a correcta execución da nova ordenación e a coherencia cos obxectivos xa sinalados.

f) Establecer a axeitada coordinación co sistema xeral PR-4, situado a carón do ámbito ZD-2, en coherencia coas previsións do PXOM, contribuíndo a integrar ambas dotacións para configurar a maior área dotacional publica deportiva recreativa da cidade.

g) Establecer as medidas de integración paisaxística e demais medidas correctoras que resulten necesarias para garantir a correcta implantación do novo volume no ámbito, cun nivel de definición similar ao esixido para os estudos de detalle de integración paisaxística previstos no plan especial. A integración destas determinacións no contido da modificación puntual permitirá a execución inmediata do novo equipamento, sen necesidade de tramitar un estudo de detalle posterior.

A modificación do planeamento urbanístico aprobado constitúe unha manifestación do *ius variandi* outorgado á administración en materia de ordenación do territorio, polo que o seu exercicio ten un carácter esencialmente discrecional, debendo fundamentarse en razóns de interese público, cuxa avaliación final non compete aos técnicos, senón aos órganos de goberno.

Dende o punto de vista estritamente legal, conclúese que non existe inconveniente para a tramitación da proposta de Modificación presentada, xa que o seu obxecto é permitir a implantación dun novo equipamento deportivo no ámbito dun sistema xeral xa cualificado polo planeamento vixente para este uso dotacional específico.

3. Informe ambiental estratéxico

Previo acordo adoptado pola Xunta de Goberno o día 29.06.2018, remitiuse ao órgano ambiental a solicitude de avaliación ambiental estratéxica simplificada, xunto co Documento ambiental estratéxico (DAE) e o Borrador do plan, todo ilo de conformidade co disposto polos artigos 46.2 e 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, por resolución de data 18.10.2018, formulou o preceptivo informe ambiental estratéxico, resolvendo non someter a Modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, coa seguinte determinación:

A modificación puntual deberá realizar un estudo de impacto e integración paisaxística para a correcta valoración dos efectos paisaxísticos e a previsión das medidas oportunas

A fin de cumprir a condición sinalada, incluíuse no apartado 2.4 do documento o Estudo de impacto e integración paisaxística, con indicación das medidas correctoras a adoptar.

4. Tramitación

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través da disposición transitoria décima da súa normativa, remite a ordenación detallada deste ámbito ao Plan especial aprobado con anterioridade, coas modificacións expresamente incorporadas no mesmo PXOM.

En consecuencia, e de conformidade co previsto polo parágrafo final do artigo 105.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia (RLSG), ao “remitir” o Plan xeral a ordenación detallada deste ámbito ao Plan especial aprobado con anterioridade, a modificación ou alteración das súas determinacións haberá de realizarse a través do procedemento de aprobación dos plans especiais de desenvolvemento do plan xeral, hoxe regulado nos artigos 75 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia* (LSG) e 186 do seu Regulamento.

A Modificación aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 12.04.2019 e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron, con data 23.05.2019, no Diario Oficial de Galicia e no xornal El Correo Gallego. Simultaneamente practicouse notificación persoal aos propietarios dos terreos afectados, segundo figuran no Catastro, e publicouse edicto no Boletín Oficial do Estado do día 21.05.2019.

Durante o trámite de participación pública non consta a formulación de alegacións.

5. Informes sectoriais

No expediente constan os informes favorables do Ministerio de Fomento e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Con data 3.05.2019 solicitouse o informe de Augas de Galicia, para os efectos do disposto no artigo 78.1 do Regulamento do dominio público hidráulico, sen que, ata a data, se teña obtido resolución expresa. En consecuencia, e de conformidade co previsto no citado precepto, con carácter previo á execución de calquera obra de construción na zona de policía de cauces, será preciso obter a autorización de Augas de Galicia.

Con base en todo o exposto, propónse ao Pleno municipal adoptar o seguinte ACORDO:

APROBAR DEFINITIVAMENTE a Modificación puntual do Plan especial de desenvolvemento do sistema xeral de equipamento deportivo ZD-2 (San Lázaro), promovida polo Concello de Santiago, sen modificacións respecto da inicialmente aprobada.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do Plan especial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Xa que logo á vista do informe transcrito, máis do ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión ordinaria do día 19 de setembro pasado, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda: aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan especial de desenvolvemento do sistema xeral de equipamento deportivo ZD-2 (San Lázaro), promovida polo Concello de Santiago, sen modificacións respecto da inicialmente aprobada.

O presente acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a modificación puntual do Plan especial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

6. AMPLIACIÓN DE USOS PERMITIDOS NA RESERVA DE EQUIPAMENTO EU-9. RÚA DE CASAS REAIS, 8 (ANTIGO BANCO SIMEÓN).

Incorpóranse á sesión o concelleiro Don Javier Fernández Martínez e a concelleira Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

O informe emitido pola xefa de sección de xestión urbanística de data 11 de xullo do corrente ano, ao que da a súa conformidade o secretario xeral do pleno e a concelleira delegada da área de urbanismo, ten o seguinte contido:

“A Xunta de Goberno, en sesión que tivo lugar o día 3 de maio de 2019, acordou adscribir temporalmente á Universidade de Santiago de Compostela (USC), o inmovible sito na rúa de Entreríos, nº 1 (IA-5), no que se atopan as instalacións da Escola de Estomatoloxía, que fora adquirido polo Concello na Reparcelación da OE-5 (Galeras-Entreríos).

A adscrición do citado inmovible queda suxeita a varias condicións, entre as que se inclúe a seguinte:

4. A eficacia da presente adscrición temporal e regularización patrimonial está condicionada a que a Universidade no prazo de dous meses establecido no referido convenio, adopte o acordo correspondente de adscrición ou cesión de uso gratuíta a favor do Concello do inmovible sito rúa de Casa Reais 8, con referencia catastral nº 7579201NH3477H0001FE e poña a disposición do Concello o uso da edificación.

A disposición transitoria quinta do Plan xeral cualifica o inmovible sito na rúa de Casas Reais, número 8, como “equipamento de sistema xeral EU-9 co uso de sociocultural-administrativo-investigación e complementarios”.

Segundo razoa o informe emitido polo arquitecto municipal con data 27.03.2019, a integración do inmovible dentro do **sistema xeral de equipamento universitario** esixe que os usos autorizados sexan prestados pola Universidade, de acordo coa definición do uso universitario que se contén no artigo 142 da normativa do PE-1:

Universitario: Comprende las actividades relacionadas con la docencia y la investigación universitarias y los servicios complementarios con ellas relacionados, en particular las residencias comunitarias para universitarios y los servicios administrativos, socioculturales, asistenciales, recreativos y sanitarios prestados por la Universidad.

Á vista do informe citado, e dado o interese que para a administración municipal supón a utilización do inmovible para usos dotacionais non vinculados á Universidade, a Sección Municipal de Patrimonio solicita que se tramite, se procede, a correspondente ampliación de uso.

2. Consideracións xurídicas

A vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), no seu artigo 42.5, habilita ao Concello para acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, a través dun acordo plenario adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan. Trátase dunha norma flexibilizadora do uso das reservas de equipamento comunitario, que permite acomodar a súa concreta utilización ás necesidades que en cada momento demande o interese público. No mesmo senso, o artigo 42.2.b) da lei evita a enumeración taxada dos usos concretos do sistema de equipamento público, admitindo “*outros que sexan necesarios*”.

A ampliación ou diversificación dos usos dotacionais autorizables na reserva de equipamento, así como a supresión da súa vinculación á Universidade, permite a súa utilización para aquelas actividades que en cada momento se consideren de interese público pola administración ou entidade pública titular do dereito de uso.

3. Proposta

Con base no exposto, entendo que a implantación no inmovible doutros usos dotacionais públicos, distintos dos universitarios, resulta autorizable a través do procedemento que regula o artigo 42.5 da LSG.

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Ao abeiro do previsto polo artigo 42.5 da LSG, ampliar os usos permitidos na reserva de equipamento EU-9 (Casas Reais, número 8, antigo Banco Simeón), a fin de autorizar os seguintes:

Sociocultural, institucional-administrativo, docente, investigador e asistencial, desenvolvidos pola Universidade ou por calquera outra administración ou entidade pública.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2, da Lei reguladora das bases do réxime local, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

O acordo publicárase no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo, remitírase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para os

efectos de inscribir a citada ampliación de usos no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acordo queda condicionada ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Xa que logo á vista do informe transcrito, máis do ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión ordinaria do día 19 de setembro pasado, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros Corporación, acorda, ao abeiro do previsto polo artigo 42.5 da LSG, ampliar os usos permitidos na reserva de equipamento EU-9 (Casas Reais, número 8, antigo Banco Simeón), a fin de autorizar os seguintes:

Sociocultural, institucional-administrativo, docente, investigador e asistencial, desenvolvidos pola Universidade ou por calquera outra administración ou entidade pública.

O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para os efectos de inscribir a citada ampliación de usos no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acordo queda condicionada ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

7. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE VOGAIS DA COMISIÓN ASESORA DO PATRIMONIO HISTÓRICO.

Volve ao salón de plenos, o concelleiro Don Rafael Peña Vidal.

O Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG (10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), 5 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

Nomear aos seguintes vogais da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico:

En representación do Grupo Municipal Socialista, a Dona Mercedes Rosón Ferreiro e Don Gumersindo Guinarte Cabada en calidade de titulares e, como substitutos/as, a calquera concelleiro ou concelleira do Grupo.

En representación do Grupo Municipal Popular, a Don José Antonio Constenla Ramos e Don Evaristo Ben Otero en calidade de titulares e, como substitutos/as, a calquera concelleiro ou concelleira do Grupo.

En representación do Grupo Municipal de Compostela Aberta, a don Jorge Duarte Vázquez como titular, e como substitutos/as a calquera concelleiro ou concelleira do Grupo.

En representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, a dona Goretti Sanmartín Rei en calidade de titular, e a dona Navia Rivas de Castro, como substituta.

En representación da Universidade de Santiago de Compostela a don Pegerto Saavedra Fernández como titular, e a dona Margarita Barral Martínez como suplente.

En representación da Dirección Xeral de Patrimonio a don Manuel M^a Chaín Pérez como titular, e a don Roberto Pena Puentes como substituto.

En representación do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela a dona Lourdes Pérez Castro como titular, e a don Ángel Panero Pardo como substituto.

En representación do Colexio oficial de Arquitectos de Galicia a dona Carmen Rey López como titular e don Oscar Andrés Quintela como suplente.

En calidade de funcionario municipal con competencias nas materias obxecto de ditame ao arquitecto don Javier García Castelo.

En calidade de profesional de recoñecido prestixio en asuntos relacionados coas competencias da Comisión, que non teña a consideración de funcionario municipal, a dona Rosa Paz Lobeiras.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, SOBRE A APROBACIÓN DUN PACTO POLO RURAL PARA GARANTIR O INVESTIMENTO NAS PARROQUIAS DE SANTIAGO.

O texto da proposición presentada con data 9 de setembro do corrente ano, número de rexistro 126, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura dar resposta a unha demanda histórica da veciñanza do rural de Compostela, impulsando un pacto que garanta o investimento nas zonas menos favorecidas do noso municipio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O rural de Santiago é o noso tesouro. Unha das prioridades do mandato anterior foi a de mudar as inercias políticas de abandono do medio rural que viñan sendo tradicionais no noso Concello para tentar corrixir os desequilibrios territoriais aínda existentes. Segundo o censo municipal, residen nas parroquias do rural compostelán unha poboación aproximada de 15.000 persoas, que ascenden a preto de 17.000 se sumamos a poboación dos distritos censais periurbanos. O Concello de Santiago está aínda en débeda co seu rural, polo que é necesario continuar a traballar para mellorar a calidade de vida da súa poboación e aumentar todos os servizos e equipamentos municipais.

É por isto que propomos asumir como propio o ‘Pacto polo Rural’ impulsado por FERUSA -Federación de Asociacións Veciñais do Rural de Santiago que agrupa a 19 asociacións veciñais das parroquias rurais de Compostela- a través do que queremos fixar o obxectivo de investir no rural, como mínimo, 20 millóns de euros nos próximos 8 anos, a razón de 2 millóns e medio de euros en cada exercicio. Unha cantidade que significaría continuar destinando os fondos dos Plans da Deputación ao rural, e completando a contía restante con fondos propios e achegas doutras administracións. A maiores, compre continuar esixindo firmemente do resto de administracións a execución das infraestruturas pendentes, logrando a posta en marcha de proxectos necesarios e historicamente demandados.

O ‘Pacto polo rural’ non pretende fixar un programa de actuacións concretas e anualizadas senón ser un documento flexible que permita que sexan esta e as futuras corporacións municipais as que marquen as prioridades. Prioridades de actuación, de cada goberno, que serán definidas por razóns de urxencia, necesidade ou oportunidade. Ao respecto, FERUSA ten elaborado un documento que é unha primeira diagnóstico que indica as necesidades e carencias do rural en materia de servizos básicos, planeamento, mobilidade, desenvolvemento sustentable, medio ambiente, cultura, lecer, información, comunicación e participación.

En definitiva, o ‘Pacto’ funcionaría como un acordo marco que aposte por manter un rural vivo, cun tecido sociocomunitario fortalecido, e que dispoña de actividades

culturais diversas para desenvolver nas parroquias, descentralizando a oferta municipal concentrada na cidade. Pondo en valor o noso tecido produtivo, e promovendo a recuperación dos nosos espazos medioambientais e do noso patrimonio cultural e etnolóxico. Entendemos que existe unha serie de áreas de prioridade de investimento, partindo das competencias municipais que establece a lexislación, así como os servizos básicos que se deben garantir a toda a poboación do Concello.

Así pois, tendo en conta todo o anterior e que o ‘Pacto polo rural’ supón continuar coa reparación dun desequilibrio territorial histórico, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Adoptar as medidas necesarias para elaborar un acordo marco ou “Pacto polo rural” que garanta uns obxectivos mínimos de investimentos no ámbito rural, para o período de vixencia 2019–2026. Co compromiso de consignar non menos de 2,5 millóns de euros por cada un dos exercicios orzamentarios, ata sumar un total de 20 millóns de euros neses oito anos.
2. Urxir ao resto de administracións -Deputación, Xunta e Estado- a completar os investimentos pendentes no rural de Santiago, nomeadamente aqueles relacionados coa rede viaria e as súas carencias.
3. Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación coa veciñanza do rural e co tecido asociativo -veciñal, cultural, deportivo e xuvenil- para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación deste “Pacto polo rural”.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG, e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais Socialista e Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda instar ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Adoptar as medidas necesarias para elaborar un acordo marco ou “Pacto polo rural” que garanta uns obxectivos mínimos de investimentos no ámbito rural, para o período de vixencia 2019-2026. Co compromiso de consignar non menos de 2,5 millóns de euros por cada un dos exercicios orzamentarios, ata sumar un total de 20 millóns de euros neses oito anos.

2. Urxir ao resto de administracións -Deputación, Xunta e Estado- a completar os investimentos pendentes no rural de Santiago, nomeadamente aqueles relacionados coa rede viaria e as súas carencias.

3. Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación coa veciñanza do rural e co tecido asociativo -veciñal, cultural, deportivo e xuvenil- para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación deste “Pacto polo rural”.

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, PARA DESENVOLVER UNHA PLANIFICACIÓN DAS RESIDENCIAS ESCÉNICAS NA SALA AGUSTÍN MAGÁN.

O texto da proposición presentada con data 13 de setembro do corrente ano, núm. 131, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura que se desenvolvan e planifiquen as cuartas residencias escénicas municipais na nosa cidade, dando respostas a demandas continuadas do tecido asociativo e empresarial do ámbito das Artes Escénicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Sala Agustín Magán transformouse desde 2016 no primeiro espazo de residencias escénicas municipais de Galicia. Un lugar que facilita e apoia o traballo das compañías profesionais de Santiago de Compostela e do país nun espazo municipal proxectado desde o seu deseño para o uso e desenvolvemento das artes escénicas na cidade.

Trinta e sete (37) montaxes de compañías profesionais medraron no lugar e fixeron del un espazo dedicado á creación escénica actual con colaboracións extensivas ao Colectivo RPM, dedicado ás artes do movemento, e a AELG, coa que activamos tres accións formativas dedicadas á novas dramaturxias. A última experiencia de residencia escénica nos centros foi integrar este verán o auditorio do Romáño coa preproducción no mes de agosto da derradeira montaxe de Matarile Teatro que presentaron hai menos dunha semana con grande éxito de crítica e público.

Tendo en conta este éxito, consideramos necesaria unha nova convocatoria de Residencias de Artes Escénicas na Sala Agustín Magán que, como mellora, inclúa a integración do espazo do auditorio do CC do Romáño como segundo espazo escénico. Tamén trasladamos a necesidade da integración dunha dotación técnica básica nos vindeiros orzamentos e o acordo de dedicar o espazo da Sala Agustín Magán á creación

escénica durante o calendario anual sumando traballos de mediación impliquen ás comunidades da contorna.

Entendemos o traballo de mediación coas asociacións e colectivos da contorna como traballo cultural de proximidade. A distinción entre actividades de proximidade e actividades especializadas é unha idea obsoleta. Acreditamos que o Concello de Santiago ten que apostar pola convivencia de procesos culturais híbridos e descentralizados nos barrios da cidade, expandido a todo o territorio municipal manifestacións culturais que antigamente sucedían exclusivamente nos contedores culturais centrais de Compostela.

Por último, consideramos de xustiza dedicar un espazo da biblioteca do CC do Romáño ao desenvolvemento dun arquivo das artes escénicas da cidade que recolla documentación sobre o legado das compañías históricas e sobre a creación escénica actual que se desenvolve na cidade. Dotalo a través da convocatoria aberta dunha bolsa anual para desenvolver un proxecto de arquivo da memoria escénica de Santiago de Compostela que sume actividade e contidos de investigación, sempre compatibles cos fondos dunha biblioteca de proximidade ademais de albergar a memoria do proxecto ONDA sobre a última diáspora galega.

Así pois, tendo en conta todo o anterior o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Publicar inmediatamente a cuarta Convocatoria de Residencia de Artes Escénicas da Sala Agustín Magán incluíndo, na mesma, a integración do auditorio do CC do Romáño.
2. Incluír no proxecto de orzamentos do 2020 unha partida de investimento para á dotación técnica básica suficiente para a Sala Agustín Magán e o auditorio do Romáño.
3. Convocar unha bolsa de investigación para iniciar un arquivo das artes escénicas de Santiago de Compostela na biblioteca do CC do Romáño con especial atención á memoria das publicacións físicas e dixitais das compañías históricas de Santiago de Compostela e documentación -textual, visual e audiovisual- das propias residencias municipais activas desde o seu inicio en 2016.”

Á citada proposición presentou con data 23 de setembro do corrente ano, emenda de adición ao primeiro punto, o grupo municipal do BNG, co seguinte contido:

“1. Publicar inmediatamente a cuarta convocatoria de residencias de artes escénicas da sala Agustín Magán incluíndo na mesma a integración do auditorio CC do Romáño, conseguindo que sexan compatíbeis cos usos destes centros socioculturais e, especialmente, para o teatro afeccionado.”

A devandita emenda foi aceptada polo grupo municipal de Compostela Aberta.

Unha vez sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por 7 votos favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 2 BNG), 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, rexeita a devandita proposición.

10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA A CREACIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DA MEMORIA HISTÓRICA.

O texto da proposición presentada con data 17 de setembro do corrente ano, núm. 134, e que foi modificada despois de ser aceptadas transaccionalmente as emendas presentadas polos grupos municipais do PSdeG-PSOE e CA, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para a creación da Comisión especial da memoria histórica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para contribuír a borrar o esquecemento e a recuperar a memoria de tantos homes e mulleres que sufriron a represión franquista, o Concello de Santiago debe ser referente, en canto que capital de Galiza, en políticas de memoria histórica. É por iso que se fai necesario crear unha Comisión especial de memoria histórica, con presenza de representantes dos grupos políticos, de especialistas da Universidade, de representantes do asociacionismo veciñal e de colectivos de recuperación da memoria histórica.

Esa Comisión debe encargarse de trazar as liñas dunha política pública da memoria que permita o coñecemento da verdade histórica, a reparación e rehabilitación das vítimas, o exercicio da xustiza e a suspensión da fenda e das feridas físicas e morais causadas polo levantamento militar e a ditadura e terá como obxectivo situar Compostela como referente de políticas da memoria. Servirá para recoñecer as vítimas e tamén coñecer os represores.

Houbo 226 veciños e veciñas que, segundo datos recollidos na investigación Nomes e Voces, sufriron represión derivada da ditadura franquista dos que a poboación de Santiago ten que coñecer a súa memoria. Cómpre lembrar que foi aprobado en Pleno erixir un monumento de homenaxe a Ánxel Casal e que nel aparezan os nomes desas persoas que foron executadas ou que estiveron presas durante o franquismo. Ademais, reiteramos a proposta de nomear unha rúa co nome de Consuelo Otero Rial, compostelá tamén paseada en 1936, para proseguir a acrecentar o rueiro con nomes de mulleres que merecen ser lembradas.

Do mesmo xeito que aínda perduran escudos franquistas en edificios públicos e privados de Santiago de Compostela que non foron retirados, pese aprobarse en Pleno a iniciativa do BNG e tal como determina a Lei de Memoria histórica.

O aeroporto Rosalía de Castro – Lavacolla ten pendente tamén a instalación dunha placa en lembranza das persoas que estiveron no campo de concentración e que colaboraron na construción do aeródromo.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- 1.- O Concello de Santiago creará a Comisión especial de memoria histórica que, como mínimo, conte coa participación dos departamentos de Historia da USC, colectivos veciñais e de recuperación da memoria.
- 2.- O Concello de Santiago erguerá o monumento de homenaxe aos alcaldes Ánxel Casal e José Germán Fernández, asasinados en 1936 polas súas ideas, coa inscrición dos nomes das persoas executadas ou presas durante o franquismo.
- 3.- O Concello de Santiago procederá a xestionar a retirada da simboloxía de enxalzamento franquista que aínda permanece na cidade.
- 4.- O Concello de Santiago promoverá a instalación dunha placa na nova terminal do aeroporto en lembranza das persoas que estiveron no campo de concentración da Lavacolla e que colaboraron na construción do aeródromo.
- 5.- O Concello de Santiago dará apoio aos fondos documentais, museísticos ou patrimoniais xa existentes na cidade e apoiará a creación de novos soportes tanto de divulgación como de investigación sobre a memoria histórica relativa ao pasado do Golpe de 1936; as matanzas e persecucións políticas e posterior ditadura.”

Xa que logo o Pleno da Corporación, por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais Socialista, de Compostela Aberta e do

BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda que:

- 1.- O Concello de Santiago creará a Comisión especial de memoria histórica que, como mínimo, conte coa participación dos departamentos de Historia da USC, colectivos veciñais e de recuperación da memoria.
- 2.- O Concello de Santiago erguerá o monumento de homenaxe aos alcaldes Ánxel Casal e José Germán Fernández, asasinados en 1936 polas súas ideas, coa inscrición dos nomes das persoas executadas ou presas durante o franquismo.
- 3.- O Concello de Santiago procederá a xestionar a retirada da simbología de enxalzamento franquista que aínda permanece na cidade.
- 4.- O Concello de Santiago promoverá a instalación dunha placa na nova terminal do aeroporto en lembranza das persoas estiveron no campo de concentración da Lavacolla e que colaboraron na construción do aeródromo.
- 5.- O Concello de Santiago dará apoio aos fondos documentais, museísticos ou patrimoniais xa existentes na cidade e apoiará a creación de novos soportes tanto de divulgación como de investigación sobre a memoria histórica relativa ao pasado do Golpe de 1936; as matanzas e persecucións políticas e posterior ditadura.

11. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A MODIFICACIÓN DAS NORMAS QUE REGULAN AS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E ARTESANAIS NA VÍA PÚBLICA E O CONTROL DA SÚA APLICACIÓN.

O texto da proposición presentada con data 17 de setembro do corrente ano e número de rexistro 139, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na cidade histórica observase unha extensión descontrolada das ocupacións da vía pública dedicadas a actividades supostamente artísticas ou artesanais, teoricamente sen autorización mercantil ou de venda. Detalladamente, estas ocupacións ou instalacións poden ser de artistas (músicos, mimos, de pintores/fotógrafos) ou de artesáns, cun réxime, como se apunta, ben distinto ao da venda ambulante.

Neste momento, as referidas ocupacións ou instalacións, tal e como están autorizadas, implican unha degradación da cidade histórica: da súa paisaxe e das posibilidades de contemplación ou aprecio do patrimonio, e mesmamente dos dereitos dos residentes ou dos comerciantes. E é previsible que as solicitudes para desenvolver estas actividades repunten con moita forza o próximo ano, e aínda máis no Ano Xacobeo.

Aínda que entendemos que “a densidade artística” da cidade pasa por preservar ou favorecer outras imaxes, pódese contemplar a posibilidade de postos que poidan contribuír a aumentar esa densidade artística, pero tales postos deben responder a un número aceptable, a unha ordenación, a unha regulación, a unha estética, e mesmo a unha priorización dos solicitantes autorizados.

E por iso que O Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano de Goberno a modificar as normas que regulan as actividades artísticas e artesanais na vía pública e, en todo caso, a controlar a súa aplicación.”

O Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, 5 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras correspondentes ao grupo municipal de Compostela Aberta, e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda instar ao correspondente órgano de goberno a modificar as normas que regulan as actividades artísticas e artesanais na vía pública e, en todo caso, a controlar a súa aplicación.

12. DAR CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2019.

O pleno da corporación queda coñecedor da execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre do ano 2019.

13. DAR CONTA DE ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DESIGNANDO PORTAVOZ.

Dáse conta ao Pleno da Corporación de escrito do grupo municipal do Partido Popular, designando portavoz a Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.

14. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación de resolución da alcaldía de data 8 de agosto do corrente ano, designando alcalde en funcións a Don Gumersindo Guinarte Cabada, dos días 10 a 15 de agosto, e a Dona Mercedes Rosón Ferreiro, dos días 16 ao 25 de agosto.

15. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 23/05/19 ao 30/07/19 (números. 4020 ao 5753).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta núm. 37 correspondente á sesión ordinaria do día 24/06/19.
Acta núm. 38 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 28/06/19.
Acta núm. 39 correspondente á sesión ordinaria do día 1/07/19.
Acta núm. 40 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 1/07/19.
Acta núm. 41 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 3/07/19.
Acta núm. 42 correspondente á sesión ordinaria do día 8/07/19.
Acta núm. 43 correspondente á sesión ordinaria do día 15/07/19.
Acta núm. 44 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 18/07/19.
Acta núm. 45 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 19/07/19.
Acta núm. 46 correspondente á sesión ordinaria do día 22/07/19.
Acta núm. 47 correspondente á sesión ordinaria do día 29/07/19.
Acta núm. 48 correspondente á sesión ordinaria do día 5/08/19.
Acta núm. 49 correspondente á sesión ordinaria do día 12/08/19.
Acta núm. 50 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 14/08/19.
Acta núm. 51 correspondente á sesión ordinaria do día 26/08/19.
Acta núm. 52 correspondente á sesión ordinaria do día 2/09/19.

Faise un descanso de 15 minutos cando son as 19:19 horas e reanúdase a sesión ás 19:41 horas, á que se incorporación todos e todas os/as concelleiros e concelleiras asistentes, agás o señor interventor.

16. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

Do grupo municipal do BNG de data 17 de setembro de 2019, núm. 135.
Do grupo municipal do BNG de data 18 de setembro de 2019, núm. 141.
Do grupo municipal do PP de data 18 de setembro de 2019, núm. 144.
Do grupo municipal do PP de data 18 de setembro de 2019, núm. 145.
Do grupo municipal do PP de data 18 de setembro de 2019, núm. 146.
Do grupo municipal de CA de data 18 de setembro de 2019, núm. 151.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG de data 17 setembro de 2019, núm. 138.
Do grupo municipal do PP de data 18 de setembro de 2019, núm. 147.
Do grupo municipal do PP de data 18 de setembro de 2019, núm. 148.
Do grupo municipal do PP de data 18 de setembro de 2019, núm. 149.
Do grupo municipal de CA de data 18 de setembro de 2019, núm. 150.
Do grupo municipal de CA de data 18 de setembro de 2019, núm. 152.
Do grupo municipal de CA de data 18 de setembro de 2019, núm. 153.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA de data 19 de agosto de 2019, núm. 36289.
Do grupo municipal de CA de data 11 de setembro de 2019, núm. 128.
Do grupo municipal de CA de data 13 de setembro de 2019, núm. 130.

Interpelación:

Do grupo municipal de CA de data 18 de setembro de 2019, núm. 154.

Durante a formulación da pregunta oral núm. 147 auséntase o señor D. Rafael Peña Vidal, que se incorpora no debate da núm. 152.

17. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Rexistro de entrada do día 10 de setembro de 2019, núm. 127 presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre o ano Carvalho Calero 2020.

Rexistro de entrada do día 12 de setembro de 2019, núm. 129, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre a instalación dun centro asesor e dinamizador da sustentabilidade no Palacete da Finca do Espiño.

Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2019, núm. 132, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre a gobernanza do turismo e a implantación da taxa turística en Santiago.

Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2019, núm. 133, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, contra as violencias machistas e a necesidade de aumentar os recursos para políticas de igualdade.

Rexistro de entrada do día 17 de setembro de 2019, núm. 136, presentada polo grupo municipal do BNG, en relación coa emerxencia climática e a mobilización do 27 de setembro polo clima.

Rexistro de entrada do día 17 de setembro de 2019, núm. 137, presentada polo grupo municipal do BNG, para reclamarlle á Xunta a construción da escola oficial de idiomas.

Rexistro de entrada do día 18 de setembro de 2019, núm. 140, presentada polo grupo municipal do BNG, para implantar o ciclo de grao medio e superior de orfebrería e pratería e o curso de especialización en Santiago de Compostela.

Rexistro de entrada do día 18 de setembro de 2019, núm. 142, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a posta en marcha da retransmisión en directo dos plenos e as comparecencias informativas da xuntas de goberno.

Rexistro de entrada do día 18 de setembro de 2019, núm. 143, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a posta en marcha do centro de referencia estatal (CREGA), destinado á atención residencial de persoas con discapacidade e a implantación da delegación do centro estatal de autonomía persoal e axudas técnicas (CEPAT) no centro galego de desenvolvemento integral (CEGADI) localizado en Salgueiriños.

Rexistro de entrada do día 23 de setembro, núm. 155, moción de urxencia, presentada polo grupo municipal do BNG, para que o concello sexa mediador nas necesidades que reclama o persoal do aeroporto, aceptada a súa declaración de urxencia por unanimidade dos concelleiros e concelleiras.

Previo acordo adoptado por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, as mocións núms. 127, 133, 137, 140, 143 e 155, foron convertidas en declaracións institucionais, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras.

E a moción núm. 142, do día 18 de setembro, presentada polo grupo municipal do Partido Popular foi retirada.

Polo que as mocións a tratar na sesión plenaria son as que seguen:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A INSTALACIÓN DUN CENTRO ASESOR E DINAMIZADOR DA SUSTENTABILIDADE DE SANTIAGO NO RESTAURADO PALACETE DA FINCA DO ESPIÑO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Finca do Espiño é un dos tesouros patrimoniais, tanto do punto de vista natural como arquitectónico, a resaltar e pór en valor na nosa cidade. Peza fundamental do conxunto é o palacete modernista, construído a principios do século XX, entre 1910 e 1915, por Jesús López de Rego (Santiago 1876-1972), quen foi tamén arquitecto municipal nun

período moi breve de tempo. Un edificio singular encargado por quen fora avogado, deputado provincial, senador e catedrático de dereito da USC, Ramón Gutiérrez de la Peña y Quiroga (Santiago, 1843-1925) xa na etapa final da súa vida e como residencia familiar.

O palacete destaca fundamentalmente pola súa profusa decoración con motivos vexetais, elementos xeométricos, e frisos con representación de animais ou representacións figurativas como no caso das gárgolas. Unha decoración ecléctica sobre unha base arquitectónica modernista, combinada con trazas de inspiración medieval, que semella procurar inspiración nas formas dos pazos tradicionais galegos. Ademais, a situación do edificio, nunha finca particular e ao pé dun bosque, pode considerarse unha característica máis da súa singularidade, posto que foi construído nas aforas do trazado urbano -naquela altura- algo pouco común no modernismo que buscaba, habitualmente, os novos ensanches das cidades.

Nos últimos anos o Concello de Santiago ten iniciado diversos procedementos para conseguir rehabilitar este edificio e toda a súa contorna. No anterior mandato, o goberno municipal rescindiu o contrato das obras de recuperación do edificio coa empresa DRAGADOS S.A toda vez que se acreditou a necesidade de introducir modificacións no vello proxecto de rehabilitación que superaban o límite do 10% establecido na lei. A partir desa rescisión, elaborouse un novo proxecto incorporando modificacións que dan cabida ao actual programa do CIAC nesta instalación así como das dependencias administrativas do servizo de Medio Ambiente.

O pasado 2 de setembro a xunta de goberno local aprobou o inicio de licitación destas obras e tal e como recolle o informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación son dúas as necesidades que se pretenden cubrir: “por unha banda, a rehabilitación física dun inmovible catalogado con protección patrimonial, en estado de ruína e co perigo de agravamento do seu estado co paso do tempo”; e “por outra banda, a rehabilitación funcional do mesmo incorporando no seu interior o programa do CIAC xunto con oficinas administrativas para a ubicación do persoal e actividade do Departamento de Medio Ambiente”.

O palacete e a súa localización nas ribeiras do Sarela semella un lugar ideal para establecer o necesario centro de interpretación medio ambiental da cidade, que preste especial atención á nosa particular relación cos dous ríos entre os que se localiza a nosa trama urbana. “Entre o Sar e o Sarela, Santiago de Compostela”, ríos que alén de ser ricos e diversos espazos naturais tamén teñen sido fonte enerxética e motor económico, como no caso dos diferentes curtidoiros da contorna.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1.Urxir ao correspondente órgano de goberno a planificar a instalación dun centro asesor da sustentabilidade de Santiago que se sitúe -tal e como está previsto no proxecto de Rehabilitación- no restaurado Palacete da Finca do Espiño, e vaia un paso máis alá das actuais funcións do CIAC como centro de educación ambiental.

2.Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación coa veciñanza e tecido asociativo -veciñal, ambiental e xuvenil- para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación do que deberá ser un innovador punto de referencia da cidadanía na consulta e asesoramento sobre sustentabilidade, con actuacións específicas en centros educativos, e cun especial foco na mitigación da pobreza enerxética.

3.Instar ao goberno galego, e nomeadamente os departamentos relacionados co Medio Ambiente como a dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, dirección Xeral de Patrimonio Natural e o ente público Augas de Galicia a colaborar co Concello de Santiago na posta en marcha deste novo centro ambiental.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A GOBERNANZA DO TURISMO E A IMPLANTACIÓN DA TAXA TURÍSTICA EN SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O verán que remata puxo novamente en evidencia que a gobernanza do turismo é unha das cuestións que deben ser afrontadas con urxencia en Santiago, e máis cando estamos ás portas do Xacobeo de 2021. Un número de visitantes que continúa medrando enche diariamente a zona monumental e histórica, sen que ninguén se preocupe pola xestión dos fluxos e a concentración masiva de turistas.

A actual situación comeza a pasar factura ao benestar da cidadanía que reside nesta área da Compostela, e que pon en risco a convivencia entre visitantes e residentes en Santiago. A gobernanza do turismo significa implantar e impulsar políticas públicas en materia de turismo e xestión da cidade, o goberno local e o goberno galego teñen que ser administracións proactivas, nesta materia, e non ficar pasivas na autocompracencia das boas cifras de visitantes. É necesario impulsar políticas públicas que non se centren

unicamente na promoción do destino e na preparación da cidade para recibir aos milleiros de visitantes que se agardan en cada Ano Santo.

As administracións públicas, nomeadamente o Concello e Xunta, deben comezar a traballar e abordar medidas de xestión dos fluxos turísticos que impidan a masificación e a turistificación de Santiago, para evitar consecuencias negativas tanto na convivencia entre turistas e veciñanza como no propio atractivo de Compostela como destino. Unha xestión de fluxos que, nos últimos meses, vén sendo unha reclamación constante de diferentes colectivos cidadáns, con máis forza por parte das persoas residentes en espazos especialmente frecuentados polos turistas, visitantes e peregrinos/as. Por outra banda, a concentración masiva de visitantes nun mesmo tempo e lugar fai imposible que a persoa visitante poida gozar da grandeza de Santiago como Cidade Patrimonio da Humanidade e contemplar a beleza e particularidades do lugar.

Hai xa dous anos, en outubro de 2017, o catedrático de Economía Aplicada da USC, Luís Caramés, presentou no Concello de Santiago un estudo sobre a implantación da taxa turística, que concluíu que esta “sería unha medida apropiada, sempre que se faga dunha maneira proporcionada, tendo en conta as diferentes temporadas e tipos de aloxamento e utilizando ademais tipos moderados”. Tamén se apuntaba ao necesario diálogo previo co sector, diálogo que se efectivizou no proceso de elaboración do Plan Estratéxico do Turismo. Neste documento, presentado en febreiro de 2018, afóndase na proposta para aplicar esta taxa “sobre os establecementos de aloxamento, para as persoas viaxeiras que fan durmidas na cidade, pero tamén sobre as persoas excursionistas, aqueles turistas que pasan menos de 24 horas no destino”. No caso dos excursionistas, o Plan Estratéxico falaba dunha contía de 0,40 € por persoa, e dunha recadación anual estimada en 450.000 €, e sinalaba como actuación a impulsar “a mellora do funcionamento da dársena de Xoán XXIII e a aplicación da taxa aos autobuses atendendo a unha mellor regulación e non duplicidade do cobro”. Como é sabido, a implantación da taxa turística sobre os aloxamentos é competencia da administración autonómica, pero as propostas en relación aos excursionistas son competencia do Concello.

Por todo isto, e tendo en conta que o estamos xa nas portas dun novo Xacobeo, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia á implantación da taxa turística, atendendo ás consideracións establecidas no Plan Estratéxico de Turismo de Santiago ao respecto de establecer o gravame en función da categoría dos establecementos e de aplicar diferentes exencións na taxa.

2. Solicitar ao órgano municipal competente a presentar unha proposta para a aplicación dun gravame para as persoas excursionistas e cruceiristas, tomando como base o Plan Estratéxico de Turismo de Santiago, destinando o recadado a políticas de turismo sustentable.

3. Urxir a coordinación entre Xunta de Galicia e Concello de Santiago para implementar políticas públicas efectivas para a xestión da mobilidade e dos fluxos de visitantes co obxectivo de prever e combater os riscos de saturación e concentración excesivas de turistas e excursionistas.

4. Impulsar desde o Consello Municipal de Turismo un Foro de debate e reflexión, aberto á cidadanía, sobre a gobernanza do turismo na nosa cidade, fomentando a participación da veciñanza e do tecido asociativo afectado.

MOCIÓN EN RELACIÓN COA EMERXENCIA CLIMÁTICA E A MOBILIZACIÓN DO 27 DE SETEMBRO POLO CLIMA

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, relativa á emerxencia climática e a mobilización do 27 de setembro polo clima.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O vindeiro venres 27 de setembro está convocada unha mobilización mundial en defensa do planeta e para facerlle fronte ás ameazas e riscos derivados da chamada “crise do clima”. Trátase dunha chamada de atención diante do inexorábel “cambio climático” e da incapacidade de organismos internacionais e grandes corporacións para facerlles fronte.

A proba máis evidente desta crise son os recentes informes de dous organismos internacionais dependentes das Nacións Unidas: o Panel Intergobernamental sobre o Cambio Climático (IPCC) e a Plataforma Intergobernamental de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos (IPBES). Estes informes fixeron saltar as alarmas sobre a catástrofe ambiental e humana a que está abocada o planeta se non se produce un drástico cambio de rumbo, xa que non se están cumprindo os obxectivos marcados nos sucesivos cumios do clima e os acordos internacionais ao respecto.

Non é tempo pois de “bágoas de crocodilo” nin de declaracións para a galería. É tempo de actuar, e de facelo con determinación. Cómpre aprobar un plan de acción que vaia ás causas do problema, non que simplemente minimize, atenúe e atrase as súas gravísimas consecuencias.

2. Dada a magnitude e as graves consecuencias que está a ter xa a “emerxencia climática”, consideramos necesario enfrontala desde unha tripla dimensión: a global, a galega e a local.

En primeiro lugar, nunha perspectiva global, cómpre denunciar o interese en poñer o foco de atención nas consecuencias da crise climática (incremento das temperaturas, seca, escaseza de recursos, destrución da biodiversidade, ameazas para a saúde) e non nas súas causas: sistema económico capitalista depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas... Cómpre polo tanto denunciar as consecuencias da actual fase do capitalismo e explicar a crise climática nese contexto, poñendo en relación as agresións ao medio coas desigualdades económicas e sociais e as opresións nacionais e de clase.

En segundo termo, desde unha perspectiva galega é necesario ter en conta o papel de Galiza na economía estatal e mundial como fornecedora de materias primas, mediante o desenvolvemento de actividades extractivas e depredadoras que teñen altos custos ambientais e escasos beneficios sociais e para o país no seu conxunto. En consecuencia, débese situar no centro do debate as consecuencias para o clima, para a saúde, para a cohesión social e territorial e para o benestar colectivo das actividades extractivas de sectores como o enerxético, industrial, forestal, megamineiro, a mobilidade, o ciclo da auga, a xeración e xestión dos residuos, os macrocentros comerciais... defendendo un modelo alternativo que poña o relevo na sustentabilidade, na xustiza social, no equilibrio ambiental e no beneficio colectivo para o noso país.

En terceiro lugar, é necesario considerar como afecta a emerxencia climática no ámbito local e as medidas que poden desenvolver os concellos e deputación, no seu ámbito de competencia, para facerlle fronte a este desafío, mediante a redución da pegada ecolóxica con actuacións no ámbito do urbanismo, a mobilidade, a enerxía, a xestión dos residuos, a xestión do ciclo da auga, ou a aposta por un desenvolvemento económico máis sustentábel e máis xusto que fomente os recursos propios, as cadeas de valor e o comercio de proximidade.

3. O debate sobre a emerxencia climática é un terreo cheo de trampas, cheo de declaracións para a galería, de boas intencións e de posturas cosméticas. Todo o mundo se apunta á moda do verde, do sustentábel, da economía circular, mesmo aqueles gobernos e grandes corporacións que traballan xusto no sentido contrario e que son os principais responsábeis da crise do clima. Por iso precisamos menos declaracións e máis actuacións, menos posturo e máis medidas efectivas para cambiar o rumbo dun mundo que vai camiño da catástrofe.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Apoiar a mobilización mundial en defensa do clima do 27 de setembro e organizar actividades dirixidas á sensibilización da poboación sobre as causas e consecuencias da emerxencia climática.

2. Denunciar a responsabilidade dos gobernos, especialmente os dos países desenvolvidos, e das grandes corporacións na actual crise climática, e esixir ao Estado español e á UE que desenvolva medidas eficaces para facerlle fronte ás causas deste grave problema, que teñen que ver con un sistema económico depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas.

3. Reclamar ao goberno da Xunta de Galiza que desenvolva un marco lexislativo e estratexias concertadas con todos os axentes económicos, sociais e institucionais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as súas políticas en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento.

4. Impulsar actuacións encamiñadas a minguar a pegada ecolóxica en Santiago de Compostela desenvolvendo as seguintes medidas no período 2019-2023:

- Impulsar a posta en marcha da nova estación depuradora de augas residuais na Silvouta.

- Apostar por fontes de enerxías renovábeis no abastecemento, polo aforro e a eficiencia no consumo, e por un modelo enerxético sustentábel, xusto, accesíbel para os sectores máis desfavorecidos e que estea ao servizo do desenvolvemento das comunidades locais e da economía galega.

- Desenvolver un modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro, que potencie a mobilidade natural (a pé, en bici) e o transporte colectivo, e que restrinxa ao estritamente necesario a uso dos vehículos privados a motor.

- Desenvolver un modelo urbano compacto, accesíbel, amábel e integrador, que favoreza a cohesión social, a creación de espazos públicos e zonas verdes seguras e accesíbeis, o dinamismo social e a actividade económica e comercial de proximidade.

- Crear a planta de compostaxe en Compostela cun desenvolvemento de sistemas de xestión de residuos que promovan a redución, que fomenten a reutilización e que establezan o tratamento de proximidade dos biorresiduos primando a compostaxe domiciliaria e comunitaria. Demanda da implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno para envases e embalaxes. A Lei 2011 de Residuos marcaba que había que reciclar como mínimo o 50% en 2020 e as directivas europeas determinan un 55% en 2025, cando Compostela está arredor do 12%.

- Fomentar a produción e o consumo de proximidade, potenciando iniciativas de produción e comercialización de produtos locais.

- Potenciar os espazos naturais protexidos e a súa conectividade e impulsar iniciativas de posta en valor do monte apostando pola multifuncionalidade e a limitación das especies forestais como o eucalipto que degradan e empobrecen os ecosistemas.

5. Integrar un comité ou gabinete de acción contra a emerxencia climática, no Consello municipal de ambiente, en coordinación con outras instancias institucionais e da USC. O obxectivo deste comité é analizar, propoñer e coordinar todas as actuacións da institución para facerlle fronte á crise climática tendo en conta as competencias na materia, que poderán ter a condición de Plan director ou Plan estratéxico fronte á emerxencia climática. A súa elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación farase coa máxima participación social, coa necesaria perspectiva de xénero e con criterios de transparencia.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras aproba as seguintes declaracións institucionais.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O ANO CARVALHO CALERO 2020

O Pleno da Real Academia Galega (RAG) acordou que o próximo Día das Letras Galegas de 2020 sexa dedicado a Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910 – Santiago de Compostela, 1990) cadrando cos 110 anos do seu nacemento e os 30 anos do seu pasamento. A traxectoria vital de Carvalho Calero, unha figura fundamental na historia do galeguismo do século XX, é unha das máis completas e extensas do país e está especialmente ligada á nosa cidade, onde residiu nas etapas máis prolíficas da súa vida. Vivindo en Santiago, na súa mocidade, foi membro do Seminario de Estudos Galegos e colaborador da revista Nós, participou na redacción do Estatuto de Autonomía de 1936 e, xa despois da Guerra Civil, implicouse activamente nas estratexias de recuperación do galego.

Membro ordinario da RAG, membro de honra da Associação Galega da Língua (AGAL), da Asociación de Escritores da Lingua Galega (AELG) e da Academia das Ciencias de Lisboa, Carvalho Calero foi unha figura clave para entender a investigación lingüística e literaria galega. Destacou tanto no ámbito da creación literaria como na crítica e na investigación filolóxica, converténdose en 1972 no primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Santiago. Firme defensor das teses reintegracionistas para o galego, este feito significou que fose marxinado nos últimos anos da súa vida. Aínda así, mantivo sempre a súa postura en favor da lingua galega con carácter internacional, non afastada do seu tronco orixinario, defendendo unha ortografía etimolóxica para o galego.

Carvalho Calero é fundamental para entender a recuperación cultural e a dignificación do galego na segunda metade do século XX, destacando o seu compromiso coa defensa da lingua e literatura propias a través dos seus estudos e posicionamentos. Foi cofundador da Editorial Galaxia, onde publica a primeira obra narrativa en galego na posguerra, *A xente da Barreira* (1951). A súa monumental *Historia da Literatura contemporánea galega* (1963) constitúe por vez primeira un esforzo de investigación da nosa literatura actual e a súa *Gramática Elemental del Gallego Común* (1966) superou as precedentes e actualizou con rigor científico o estudo da lingua.

No seu labor literario destaca fundamentalmente como poeta, constituíndo todo un referente para a xeración dos 80, cando publica dúas coletáneas destacadas como *Pretérito Imperfeito 1927-1961* (1980) e *Futuro condicional 1961-1980* (1982) ademais de poemarios novos como *Cantigas de Amigo e Outros Poemas* (1986) ou *Reticências* (1990). Como narrador obtivo o Premio da Crítica pola súa novela *Scórpio* (1987), considerada por moitos como o mellor romance escrito en galego. Tamén é autor de varias pezas dramáticas recollidas no seu *Teatro Completo* (1982), e posúe unha extensa produción como crítico.

A súa vinculación coa capital de Galiza foi moi estreita. Na Universidade de Santiago licenciase en Dereito e Filosofía, e aquí mantén unha intensa actividade intelectual e política, en contacto co galeguismo organizado arredor do Seminario de Estudos Galegos, participando na fundación do Partido Galeguista e no proceso de redacción do Estatuto de Autonomía na IIª República. Fronte ao golpe de Estado franquista mantense leal á legalidade republicana e incorpórase a un batallón do sindicato UGT, no que el estaba sindicado, adscrito ao Quinto Rexemento, co grao de tenente e sendo preso e condenado no fin da guerra.

Despois de anos no cárcere, entre o 1950 e 1965 exerce no como profesor no ensino privado en Lugo, sendo neses anos nos que se lle autoriza a ingresar no ensino público como agregado de instituto no Rosalía de Castro de Santiago ao tempo que comeza a impartir aulas de galego na universidade. En 1968 foi galardoado co Pedrón de Ouro.

Por fin, en 1972 obtivo por oposición a cátedra compostelá de Lingüística e Literatura Galega acabada de crear. Desde 1997 a súa biblioteca e arquivo persoal encóntrase tamén en Santiago, formando parte dos fondos bibliográficos do Parlamento galego, con máis de 4.872 volumes de monografías e coleccións de 197 títulos de revistas que se atopan nunha das salas da biblioteca parlamentaria que leva precisamente o seu nome. No centenario do seu nacemento, o 30 de outubro de 2010, instalouse unha escultura-monumento, financiada por subscrición popular, xunto a que foi a súa residencia na cidade.

O Pleno da Corporación, acorda:

1. Urxir ao correspondente órgano de goberno do concello a deseñar un programa completo e transversal sobre a figura de Ricardo Carvalho Calero que mostre todas as facetas da súa obra, literaria e lingüística, e a súa vinculación coa nosa cidade, e facelo non só o propio Día das Letras, 17 de Maio de 2020, senón durante todo o ano en colaboración con outras institucións culturais da cidade, e a través dos centros educativos, cívicos e culturais de Compostela.
2. Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo cultural, veciñal e lingüístico para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación desta programación especial do Ano Carvalho Calero 2020.
3. Impulsar a coordinación cas cidades nas que residiu Carvalho Calero, nomeadamente Ferrol e Lugo para realizar unha homenaxe conxunta á súa figura e mesmo para partillar iniciativas e propostas.
4. Indicar ao Consello Asesor de Condecoracións que, no seu momento, inicie o expediente para nomealo fillo adoptivo da cidade de Santiago de Compostela.
5. Instar ao Parlamento de Galiza a pór en valor o seu legado organizando xornadas de portas abertas, ou outras actividades culturais, na “Sala Carvalho Calero” da biblioteca parlamentar.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS E A NECESIDADE DE AUMENTAR OS RECURSOS EN POLÍTICAS DE IGUALDADE

A violencia machista é un dos problemas máis graves ao que nos enfrontamos hoxe en día na nosa sociedade. Unha realidade estrutural que afecta, segundo a ONU-Mulleres, a un 35% das mulleres do planeta. No que vai de ano, as cifras oficiais rexistran 41 mulleres asasinadas e dous menores asasinados por violencia machista no conxunto do

Estado español, dúas delas en Galicia, e aínda hai varios casos máis en investigación. Son doce mulleres asasinadas máis que no mesmo período de 2018, e é a terceira peor cifra das últimas décadas. A maiores, o 30% dos casos prodúcense despois de existir unha denuncia. Isto acontece cada ano sen que a resposta institucional e política estea á altura da gravidade da situación, manténdose uns medios e recursos claramente insuficientes. Lamentablemente, a estas cifras haberá que sumar as tres novas vítimas mortais do asasinato machista acontecido en Valga.

Como é ben sabido, a causa de todas estas violencias está directamente vinculada coa hexemonía, aínda vixente na nosa sociedade, dunha cultura patriarcal que reproduce os roles de xénero, os comportamentos discriminatorios e machistas e un sen fin de desigualdades sociais para as mulleres. Por iso mesmo, a súa erradicación esixe a posta en marcha de actuacións de carácter integral e transversal, que busquen transformar esta cultura e que promovan unha sociedade plenamente igualitaria. Tal e como teñen manifestado de forma reiterada os movementos de mulleres e feministas, é preciso tomar conciencia de que o machismo mata e fai imposible a convivencia requirida nunha democracia.

A loita contra este tipo de violencias debe ser unha prioridade institucional e política para as administracións públicas de todos os niveis de goberno e, en particular, do eido local pola súa proximidade á cidadanía. Deben continuar as medidas, campañas e políticas públicas que traballen pola erradicación das violencias machistas e situar esta problemática no centro da axenda política local.

Despois de varios anos lexislando a favor da igualdade de xénero os resultados amosan que os esforzos realizados continúan sendo insuficientes. Neste senso, é urxente mellorar o marco legal actual, entre outras cousas, revisando a propia definición de violencia de xénero e o seu alcance e incluíndo apoio económico, psicolóxico e social tanto para as mulleres nesta situación como para os fillos e fillas etc-. É tamén necesario que as administracións públicas destinen máis recursos para a abordaxe desta problemática e que garantan o traballo en materia de igualdade no ámbito preventivo e educativo e, para isto, é urxente implementar e mellorar o conxunto das medidas contempladas no Pacto de Estado contra a violencia.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Pleno da Corporación

ACORDA:

1. Expresar o recoñecemento da Corporación Municipal ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo en Galicia.

2. Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.

3. Solicitar do Goberno Galego un incremento substantivo dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia machista no vindeiro exercicio orzamentario, así como a aprobación de partidas económicas para dotar de máis persoal especializado en violencia de xénero os medios que existen e que fagan posible unha maior cobertura nunha parte importante do territorio que hoxe carecen deles.

4. Solicitar do Goberno do Estado un incremento substantivo das contías económicas destinadas á administración local no Pacto de Estado para os vindeiros exercicios orzamentarios procurando que estes recursos sexan distribuídos tendo en conta as especificidades do territorio ao que van destinadas.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA RECLAMARLLE Á XUNTA A CONSTRUCCIÓN DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

O Concello de Santiago de Compostela esixiralle á Xunta de Galiza que comece no ano 2020 a solución para dotar dunhas instalacións para a Escola Oficial de Idiomas no noso municipio, acordes en tamaño e dotación á demanda existen e prevista e que reúna os requisitos esixidos pola normativa vixente para poder impartir ensinanzas de idiomas con garantía de calidade. Para isto, iniciará un proceso de diálogo conducente á celebración dun acordo coa Administración autonómica, partindo da disposición do Concello a facilitar, se así é preciso, unha parcela municipal para acoller un novo edificio, que pode ser a xa ofrecida, ou calquera outra das parcelas municipais que reúna os requisitos esixidos para tal fin.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA IMPLANTAR O CICLO DE GRAO MEDIO E SUPERIOR DE ORFEBRERÍA E PRATERÍA E O CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O plan estratéxico de “Ourives de Compostela” recolle unha serie de medidas concretas para revitalizar o tecido artesán e comercial derivado desta actividade, ademais de poñer en valor o seu peso histórico e o seu papel identitario da cidade de Santiago de Compostela, do Camiño e de Galiza.

Neste sentido, cómpre lembrar a importancia dos oficios de prateiro, concheiro, acibecheiro e bronceiro na economía local, xa documentados desde o século IX. Porén, no último século o número de obradoiros e de persoas artesás reduciuse neste sector, de xeito que antes había rúas en Santiago de Compostela en que se localizaban máis dun cento de tallistas.

Coa creación de marca e a exhibición do seu traballo, preténdese conseguir o obxectivo dunha maior valoración das pezas, demanda do produto e conciencia xeral da singularidade da artesanía compostelá. Para iso, a asociación “Ourives de Compostela” reclama medidas concretas para abrir obradoiros de artesanía na Cidade histórica, como incentivos e axudas para o emprendemento e adecuación de locais, que suporían un incremento na creación de emprego e na ocupación de espazos en desuso e en risco de abandono, co que pretenden tamén contribuír a dinamizar o pequeno comercio local.

Xa en xullo de 2016, o Pleno de Santiago de Compostela aprobaba, a iniciativa do BNG, unha proposición para crear un viveiro de pequenos comercios e unha liña de axudas á rehabilitación de locais sen uso na Cidade histórica para favorecer a súa revitalización e a creación de emprego. Iniciativas deste tipo axudarían a que a zona histórica gañase poboación e dinamismo comercial á vez que aposta pola artesanía e produtos xerados no propio territorio.

Ademais de reclamaren un viveiro de artesáns e artesás, para o que as administracións públicas deberan facilitar espazos de traballo para as persoas que queiran incorporarse ao mercado laboral mediante o desenvolvemento da actividade orfebre, é necesario previamente dotar dos coñecementos precisos para desenvolver este traballo mediante ciclos formativos axeitados. Ademais de deseño, faise necesaria a aprendizaxe de técnicas de talla, soldadura, destreza manual e Compostela debe ser tamén destino para quen decida formarse na artesanía ourive, defenden no plan estratéxico.

Por iso, os grupos municipais adoptan mediante Declaración Institucional o seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela solicitaralle á Xunta a implantación de Orfebrería e Pratería, tanto en Ciclo de grao medio coma superior, e o curso de especialización en ourivería en Santiago de Compostela.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN RELACIÓN A POSTA EN MARCHA DO CENTRO DE REFERENCIA ESTATAL CREGA DESTINADO A ATENCIÓN RESIDENCIAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE E A IMPLANTACIÓN DA DELEGACIÓN DO CENTRO ESTATAL DE AUTONOMÍA PERSOAL E AXUDAS TÉCNICAS (CEPAT) NO CENTRO GALEGO DE DESENVOLVEMENTO INTEGRAL (CEGADI) LOCALIZADO EN SALGUEIRIÑOS.

O Pleno do Concello de Santiago, acorda instar:

1.- Ao Goberno de España a:

- Que cumpra coa maior dilixencia posible o acordo asinado no mes de abril de 2017 entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Sanidade que contempla a apertura dunha zona residencial para persoas con discapacidade física no Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi) de Santiago de Compostela e a posta en servizo dunha delegación do Centro de referencia estatal de autonomía persoal e axudas técnicas (Ceapat), así como a transferencia nominativa á Administración Autonómica de Galicia dos 500.000 euros consignados nos orzamentos xerais do Estado de 2018, actualmente prorrogados, para o impulso das instalacións e das actividades do CEGADI.

2.- Á Xunta de Galicia a:

- Que se reúna coa plataforma de familias con diversidade funcional de Santiago, xunto co Concello de Santiago e outras entidades sociais da comarca que traballan no eido da diversidade funcional, para coñecer as necesidades das persoas con diversidade funcional da zona.

- Que, dentro da ampliación de prazas residenciais para persoas con discapacidade nos centros públicos de Galicia, teña en conta as necesidades da capital de Galicia, tomando en consideración de forma específica as demandas da Asociación de Pais e Nais da Barcia e da Asociación de Pais e Nais de persoas con discapacidade intelectual (ASPAS), á que pertence o Centro Residencial “Juan Vidán Torres” radicado na parroquia compostelá de Laraño. Ou as prazas deste centro deben estar abertas a persoas con diversidade funcional, ben sexa física ou mental, ou daráselles unha alternativa ás familias de persoas con discapacidade intelectual.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN RELACIÓN AO PERSOAL DO AEROPORTO.

O persoal do aeroporto Rosalía de Castro – Lavacolla principiou unha serie de mobilizacións e paros programados para evitar as consecuencias dos recortes de dereitos laborais, que repercuten na calidade do servizo para persoas usuarias.

En concreto, reclaman que se manteña a cantina para as traballadoras e traballadores, o incremento do cadro de persoal acorde ao constante incremento da carga laboral, a denuncia da temporalidade e precariedade nas empresas subcontratadas, o cumprimento da cobertura en horario nocturno, o cese dos recortes no servizo de enfermaría e o abono do aparcadoiro obrigatorio soportado polo persoal.

Estas mobilizacións foron programadas para o 13, 20 e 27 de setembro e están chamadas a secundar o paro as empresas principais, subcontratas e concesionarias, en caso de non chegar a acordo antes.

O Pleno da Corporación adopta o seguinte ACORDO:

O Concello comprométese a traballar para que este conflito se encamiñe pola vía do diálogo e a negociación para dar solución ás demandas do persoal do aeroporto Rosalía de Castro – Lavacolla provocadas polo recorte de dereitos laborais.

A continuación ten lugar a votación das mocións que foron tratadas nesta sesión plenaria.

Con respecto á moción do grupo municipal de Compostela Aberta, núm. 129 do día 12 de setembro, para a instalación dun centro asesor e dinamización da sustentabilidade no Palacete da Finca do Espiño, foi rexeitada por 5 votos a favor da mesma dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e BNG (8 PP e 2 BNG).

A moción do grupo municipal de Compostela Aberta, núm. 132 do día 16 de setembro, sobre a gobernanza do turismo e a implantación da taxa turística, foi rexeitada por 7 votos a favor da mesma dos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (5 CA e 2 BNG), 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular.

E por último, a moción do grupo municipal do BNG, núm. 136 do día 17 de setembro, en relación coa emerxencia climática e a mobilización do día 27 de setembro polo clima, foi rexeitada por 7 votos a favor da mesma dos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (5 CA e 2 BNG), 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular.

O señor alcalde pecha a sesión cando son ás 22:30 horas, do que como secretario, dou fe.

O alcalde-presidente,

Xosé A. Sánchez Bugallo

O secretario xeral do pleno,

José Ramón Alonso Fernández

